

Oposicións 2019. A información máis importante

O que necesitas saber se aprobas a oposición

Se aprobas terás que solicitar praza para a realización da fase de prácticas o curso que vén en canto se fagan públicas as listas de persoas aprobadas. Este curso só se pode facer a través da **sede electrónica** da Xunta.

Prazo	2 días hábiles desde o seguinte ao da publicación das relacións de aprobados e aprobadas polos tribunais (non contan festivos nin sábados nin domingos).
Instancias	A solicitude terás que facela a través da aplicación CADP na web da Consellaría (https://www.edu.xunta.es/cadp/) e rexístrala na sede electrónica da Xunta (https://sede.xunta.gal/). Se non dispós dela, é preciso abrir unha conta de correo no portal edu.xunta.gal que debes solicitar á UAC (Unidade de Atención a Centros) no teléfono 881997701.
Prazas	Só poderás solicitar prazas da especialidade pola que aprobes a oposición.
Documentación	No prazo de 20 días hábiles após a publicación no DOG das listas de persoas aprobadas, deberás presentar por medios electrónicos e dirixido á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos os seguintes documentos: certificado médico, declaración responsable e certificado de non ter antecedentes por delitos sexuais.
Toma de posesión	A toma de posesión faise no centro no que obteñas destino. A data da toma de posesión será o 1 de setembro no corpo de mestres e na data fixada para o inicio da impartición efectiva das clases nos restantes corpos. Desde o centro remitirán a documentación á Xefatura Territorial correspondente.
Muface	Unha vez que recibas o nomeamento de funcionario ou funcionaria en prácticas terás que pasar pola sede provincial de MUFACE para causar alta como mutualista e elixir a entidade médica (SERGAS, entidade privada). Cada ano, no mes de xaneiro e xuño poderás cambiar de entidade.



Comisións de servizo de conciliación

Se aprobas o proceso selectivo e tes fillos ou fillas de idades indicadas no cadro anexo podes solicitar, **no mesmo prazo dos 2 días hábiles de solicitude de destino**, unha comisión de servizos por conciliación. Para iso terás que facer unha instancia a maiores da ordinaria e incluír, como mínimo, centros que estean no radio de 20 km arredor do teu domicilio. Isto implica que obterías destino por riba do resto das persoas que aprobaron esta oposición na túa especialidade. Tes toda a información na nosa web na seguinte ligazón: <http://www.cig-ensino.gal/comisiones-por-conciliacion.html>

Comisión de conciliación

TIPO I: Unha filla ou fillo menor de 4 anos ou de 8 no caso de núcleos familiares dunha única persoa proxenitora.

TIPO II: Dúas fillas ou fillos menores de 6 anos ou de 10 no caso de núcleos familiares dunha única persoa proxenitora. Unha filla ou fillo menor de 6 anos se ten recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

TIPO III: Tres ou máis fillas ou fillos menores de 12 anos ou de 16 no caso de núcleos familiares dunha única persoa proxenitora. Dúas fillas ou fillos menores de 12 anos se un deles ten recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

A idade dos fillos ou fillas compútase o 31 de decembro do ano inmediatamente anterior ao da solicitude. Poderase pedir comisión nos casos de **embarazo** a termo con anterioridade ao mes de **marzo** do ano seguinte.

Se non aprobas a oposición e nunca traballaches no ensino público

Se aprobaches a fase de oposición pero non obtiveches praza entrarás na listaxe de persoal substituto da especialidade á que te presentaches a continuación do profesorado interino que xa forma parte dela.

Se non aprobaches a fase de oposición tamén poderás entrar nesa listaxe sempre que teñas a titulación académica correspondente a esa especialidade que aparece na orde que regula as titulacións para quedar en listas neste suposto.

Cando te chamen para unha substitución, poderás renunciar polo que reste de curso, sen perder o posto na lista, se estás nalgunhas destas situacións: se tes un fillo/a menor de 6 anos ou un familiar que non poida valerse ao teu cargo, se tes unha enfermidade grave, se tes concedida un bolsa de estudos, se es vítima de violencia de xénero ou se estás ampliando estudos.

Tamén podes, por estas causas, pedir que che adxudiquen substitucións só en determinados concellos.

Ademais podes solicitar non ser chamada se tes un contrato temporal nunha empresa privada ou no sector público. Neste caso tampouco perdes o posto na lista e volverán chamarte cando remate o contrato. Poderás facer isto por un período máximo e improrrogábel de tres cursos académicos.

Unha vez que traballas consolidas o posto na listaxe de substitucións da especialidade correspondente. Se renuncias por algún dos motivos anteriores, sempre que traballe alguén por detrás túa na listaxe, tamén consolidarías.

Información de interese para o profesorado interino e substituto

Todo o profesorado interino e substituto que traballara ou teña consolidado posto nalgunha lista no curso 2018/2019 ten que pedir praza para o curso 2019/20 mediante a aplicación do CADP: <https://www.edu.xunta.es/cadp/>. O prazo virá indicado na Resolución pola que se convoque este Concurso de Adxudicación de Destinos Provisionais no DOG.

Se no curso 2018/19 participaches a través da sede electrónica e non queres facer ningún cambio na petición non necesitas volver rexistrala neste curso, sendo válida a todos os efectos a solicitude do curso 2018/19

IMPORTANTE: Rexistro telemático obrigatorio da instancia

No ano 2018 implantouse o **registro a través da sede electrónica da Xunta**, sendo esta agora a única vía para solicitar destino provisional. Se consolidaches posto nalgunha lista tes a obriga de presentar e rexistrar a instancia. Non o facer implica a exclusión de todas as listas nas que poidas estar.

- Só podes solicitar prazas da **especialidade** correspondente á lista ou listas nas que figuras. Se pertences ao corpo de mestres tamén podes pedir prazas de Primaria se tiveches algunha interinidade ou substitución antes do 31 de agosto de 2008.
- Para pedir **praza bilingüe** esíxese que na base de datos persoais estea acreditado que dispós do nivel B2 do marco común europeo de referencia para as linguas (MCERL) na lingua correspondente.
- **Provincias na solicitude de petición de destinos.** Marcar provincia na solicitude non quere dicir que optes a esas provincias para as substitucións durante o curso se non obtés destino. Marcar provincia implicará que, se non obtés destino en ningún dos códigos cubertos na solicitude, poden adxudicarche de oficio

en calquera centro desa provincia (incluíndo prazas con afíns e itinerantes, agás que expresamente sinalas o contrario).

- **Se non acadas destino poderás ser chamado despois para substitucións.** Neste caso tamén terás opción, no prazo do 16 de xullo ao 17 de agosto, a seleccionar a provincia ou provincias onde desexes realizar substitucións a través da aplicación www.edu.xunta.es/substitutos. A solicitude terá efectos durante todo o curso académico. Non se precisa ningún requisito para limitar as provincias. No caso de non efectuar opción enténdese que optas por prestar servizos en toda Galiza.
- **Renuncias á resolución provisional do concurso.** Podes renunciar a obter destino se estás nalgún dos casos que figuran na convocatoria: por coidado dun fillo /a menor de 6 anos, dunha persoa maior ao cargo, por un contrato de traballo temporal, por enfermidade grave, por ter concedida unha bolsa de estudos, por ser vítima de violencia de xénero... A renuncia debes facela dentro do prazo fixado aínda que non che adxudiquen praza

na resolución provisional. De non facelo e, logo, serche adxudicada praza na resolución definitiva non poderás renunciar (agás causa xustificada que sexa sobrevida ao prazo de renuncia).

- **Limitación de concellos nos que facer substitucións.** Polos mesmos motivos para poder renunciar, podes limitar os concellos nos que estás disposto a facer substitucións. O prazo é do 16 de xullo ao 17 de agosto e tes que facelo na aplicación de persoal substituto.
- **Prazos de reclamacións e renuncias:** Fíxanse na resolución que convoca anualmente a solicitude de destinos provisionais.
- **Excedencias.** O profesorado interino ten dereito a solicitar excedencia por coidado de familiares a cargo e por violencia de xénero e computa a todos os efectos. Se estás nesta situación deberás participar na convocatoria sen que a adxudicación de destino supoña un cambio na túa situación. De obteres destino terás que renovar a solicitude de excedencia. Senón decaes da situación de excedencia ao rematares o contrato.

- **Baixa médica e toma de posesión do profesorado interino e substituto.** Se te atopas de baixa (IT) non poderás tomar posesión da praza adxudicada no CADP e reservarásche o posto até que che dean a alta médica, máis non computa como tempo traballado.

Polo tanto, se che adxudican vacante definitiva no concurso de destinos provisionais e estás de baixa médica comunica esta situación tanto ao centro adxudicado como á Xefatura Territorial correspondente para que te substitúan mentres dure esa situación.

- **Presentación de varias solicitudes.** O persoal interino e substituto do corpo de PES ou PTFP que figure en máis dunha lista pode solicitar praza por todas as especialidades que posúe cubrindo unha instancia para cada unha delas, sen prexuízo de que poida renunciar á solicitude dalgunha durante o prazo de reclamacións á resolución

provisional. No caso do corpo de mestres a solicitude de varias especialidades faise nunha única instancia.

- A **adxudicación de destino** realízase por unha **orde de corpos e de códigos de especialidade** fixada na convocatoria do CADP. No caso de che adxudicaren praza nun corpo ou nunha especialidade determinada, retírase a solicitude da outra ou das outras especialidades.

ORDE DE ADXUDICACIÓN POR CORPOS:

- 1.- Mestras/es
- 2.- Cátedras e profesorado de EOI
- 3.- Cátedras e profesorado de Artes Plásticas e Deseño (ART)
- 4.- Mestres de Taller de ART
- 5.- Cátedras de Música e Artes Escénicas (CMUS)
- 6.- Profesorado de Música e AA.EE. (CMUS)
- 7.- Cátedras e profesorado de Ensino Secundario (PES)
- 8.- Profesorado Técnico de FP

Maternidade, paternidade, adopción ou acollemento.

1.- Persoal que estea prestando servizos: se estás gozando do permiso de maternidade, paternidade, adopción ou acollemento non poderás tomar posesión e reservarásche o posto mentres dure o permiso. Ese tempo de reserva computará como tempo traballado a efectos administrativos. Comunica esta situación tanto ao centro adxudicado como á Xefatura Territorial correspondente.

2.- Persoal que non estea prestando servizos . Se reúnes os requisitos para estar gozando do permiso por parto ou maternidade, paternidade e adopción ou acollemento e che adxudican unha praza na resolución definitiva no concurso, tomarás posesión coa finalidade de que os servizos que che correspondería prestar che sexan recoñecidos para os efectos administrativos e serás substituído/a mentres dure o permiso. Para a toma de posesión contacta coa Xefatura Territorial.

Campaña pola recuperación das 18 horas lectivas semanais en Secundaria e as 21 en Primaria recortadas en 2011 e en 2012



AFÍLIATE

Para calquera consulta no proceso de oposicións ou para máis información sobre prazas vacantes, características dos centros, sistema de adxudicación de vacantes, trámites para cubrir as instancias, datas, dereitos laborais e salariais.... podes consultar a nosa páxina, chamarnos por teléfono e/ou pasar polos nosos locais.

Fase de prácticas

Unha vez aprobada ou aprobado a Consellaría de Educación nomearase funcionaria ou funcionario en prácticas e destinarase a un centro de ensino para a realización da fase de prácticas. No DOG da convocatoria de oposicións atópanse as indicacións para a súa realización, que resumimos no seguinte cadro:

Inicio	O 1 de setembro no corpo de mestres e na data na que se inicie o curso nos demais corpos docentes.
Duración	Catro meses
Titoría	Un profesor ou profesora do mesmo corpo e, preferentemente, da mesma especialidade, designada pola Comisión cualificadora da provincia.
Funcións da titoría	Asesorar, informar e avaliar o profesor ou profesora en prácticas. Emitirá informe final para remitilo á Comisión cualificadora.
Actividades de formación	Realización dun curso de formación en lingua galega de 20 horas de duración. Consistirá en formación específica sobre terminoloxía, estilo, aspectos sociolingüísticos e a linguaxe propia da especialidade, que lle permita ao persoal seleccionado desenvolver correctamente en galego as súas tarefas e funcións.
Informe - Memoria final	O profesorado en prácticas deberá elaborar un informe-memoria final que entregará ao remate da fase de prácticas á Comisión cualificadora.
Avaliación	As prácticas serán avaliadas por unha comisión provincial constituída pola xefa ou xefe da inspección provincial, que ocupará a presidencia; dous membros da inspección educativa e dúas directoras ou directores de centros designados pola xefa ou xefe territorial. Téñense en conta os informes emitidos polo persoal titor, a dirección do centro, o persoal responsábel das actividades de formación e, se é o caso, o inspector ou inspectora responsábel do centro e do informe presentado polo propio aspirante. O xefe ou xefa da Inspección, en caso de informe desfavorábel, poderá establecer que a inspección do centro visite e avalíe na aula as aptitudes didácticas do profesorado en prácticas. Cualificaranse como apto ou non apto.
Cualificación de NON APTO	O persoal non apto poderá repetir a fase de prácticas no curso seguinte. O persoal que non se incorpore ou suspenda por segunda vez perderá todos os dereitos.

Dereitos arrebatados

- **Prazas de PT (código 60) e AL (código 61)** do corpo de mestres na ESO. A CIG-Ensino defende o dereito a cobrar nestes casos o complemento compensador que percibe o resto do profesorado do corpo de mestres doutras especialidades que imparten docencia na ESO, algo ao que a Xunta se vén negando desde hai anos.
- **O persoal substituto** que traballara cinco meses e medio nun curso tiña dereito a cobrar os meses de verán. A Xunta recortou este dereito e a CIG-Ensino esixe a súa restitución.

Avance da oferta formativa para 2019/2020

A CIG-Ensino e a AS-PG elaboramos unha programación anual de formación para o profesorado.

CURSOS PRESENCIAIS	LUGAR	DATAS
Programacións didácticas para Infantil-Primaria, Secundaria e FP	Ourense	28 de setembro
Programacións didácticas para Infantil-Primaria, Secundaria e FP	Santiago	26 de outubro
Programacións didácticas para Infantil-Primaria, Secundaria e FP	A Coruña	19 de outubro
Programacións didácticas para Infantil-Primaria, Secundaria e FP	Pontevedra	26 de outubro
Programacións didácticas para Infantil-Primaria, Secundaria e FP	Vigo	5 de outubro
Programacións didácticas para Infantil-Primaria, Secundaria e FP	Lugo	19 de outubro
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria	Ourense	28 de setembro
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria	Santiago	26 de outubro
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria	A Coruña	19 de outubro
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria	Ferrol	5 de outubro
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria	Pontevedra	26 de outubro
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria	Vigo	5 de outubro
Orientación para a fase de prácticas. Elaboración de memoria	Lugo	19 de outubro
Comentario de textos filolóxico, lingüístico e literario	Santiago	26 de outubro
XXXI Semana de Educación de Pontevedra	Pontevedra	Do 23 ao 27 de setembro
Xornadas de atención á diversidade	A Coruña	15 de febreiro
Paseos Pedagóxicos de Vigo	Vigo	9, 11, 14 e 16, 18, 20 e 21 de setembro
Xornadas de normalización lingüística	Santiago	1º trimestre
XXIX Xornadas de lingua e literatura	Santiago	25 de abril
XVII Xornadas das Mulleres	Santiago	7 de marzo
XXIII Xornadas de Educación Infantil	Santiago	28 de marzo
Saúde laboral e prevención de riscos no ensino	Vigo	5 de outubro
Saúde laboral e prevención de riscos no ensino	Lugo	19 de outubro
Saúde laboral e prevención de riscos no ensino	Ourense	17 e 18 de outubro
Saúde laboral e prevención de riscos no ensino	A Coruña	28 de setembro

Avance da oferta formativa para 2019/2020

Todos os cursos están homologados e son baremábeis para oposicións, Concurso de Traslados, sexenios...







DATAS	CURSOS A DISTANCIA
Do 1 ao 21 de outubro	Portugués avanzado para docentes Aproximación á acción educativa española no exterior. Unha oportunidade laboral de traballo docente no estranxeiro
Do 24 de outubro ao 13 de novembro	A construción da sexualidade: retos da era dixital As grandes descoñecidas galegas na historia mundial. Pepa Noia, Mercedes Núñez, Sofía Casanova e María Araújo.
Do 15 de novembro ao 10 de decembro	A banda desenhada nas nosas aulas Materiais didácticos interactivos II
Do 9 ao 29 de xaneiro	Destrezas sociais como ferramenta para o desempeño do labor docente O xogo de fuga na aula
Do 31 de xaneiro ao 20 de febreiro	Atrévete a coeducar Traballando as matemáticas con software estatístico libre nas aulas: RCommander
Do 28 de febreiro ao 20 de marzo	Vídeo produción e vídeo interactivo en educación Autor/a homenaxeado/a o Día das Letras Galegas
Do 24 de marzo ao 17 de abril	Historia de Galicia, unha revisión necesaria A lectura dramatizada como recurso didáctico
Do 21 de abril ao 12 de maio	Materiais para titoría: convivencia, racismo, feminismo, dereitos humanos. O tratamento integrado das linguas (TIL) desde unha perspectiva comunicativa e normalizadora.

GALEGO

Como docente con compromiso co noso idioma, que de certo es, chamamos a túa atención sobre a importancia de que o galego sexa a lingua do ensino. IMPARTE AS TÚAS AULAS EN GALEGO. É o único xeito de garantir que o noso idioma continúe vivo e sexa unha lingua de futuro.

EN GALEGO, DÍA A DÍA.

Calendario escolar do curso 2019/2020

	Inicio de clases en Infantil, Primaria e Educación Especial
	Inicio de clases en secundaria, bacharelato, FP e réxime especial
	Días non lectivos
	Fin de actividades lectivas en EI, EP, EE, ESO, BAC, FP
	Fin de actividades lectivas nas ensinanzas de réxime especial
	Días feriados

DÍAS LECTIVOS TOTAIS: 175 (a falta de descontar 2 festivos locais)

1ª Avaliación: 70. 2ª Avaliación: 59. 3ª Avaliación: 48

14

setembro 2019						
L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

22

outubro 2019						
L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

20

novembro 2019						
L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

14

decembro 2019						
L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

18

xaneiro 2020						
L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

17

febreiro 2020						
L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	

21

marzo 2020						
L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	★
9	★	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

16

abril 2020						
L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

20

maio 2020						
L	M	M	X	V	S	D
				★	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	★
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

15

xuño 2020						
L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal